

PUBLICADA
5012

Núm. 48

15-19-27

nós

CASTILLO

nós.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Peninsua	8'00 pesetas.
Fora da Peninsua	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

- Novos cantares, POR ANTÓN COUCEIRO FREIXOMIL.
Ensaíos de Fisiognomía, POR VICENTE RISCO.
Probremas de Xeografía Galega, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Dicenle Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.^o

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Nadal 1927



Núm. 48

NOVOS CANTARES

por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL

És un botado pra diante,
pero ti a min non mas das:
a xente nunca che é menos
que cando coida que é mais.

Na loubanza débese ir
con tino, porque non sexa
a sobra de cera tanta
que prenda o lume na eirexa.

O viño sempre está ben;
ti damo cando quixeres;
logo de comel-o caldo
un goñío non mo negues.

Cadeliño, cadeliño
que hoxe me fas tanta festa:
teño tallada na mau,
e seica queres comela.

Por aquelo de falar
berreille a un xordo o outro dia:
—¿A onde se vai, meu patrón?
E contestou:— A oir misa.

Foise Xulián de ruada,
i-ô sair dixo a muller:
—Despois que un vai ben comido
non ten ansia de comer.

Merquei con dñeiro alleo,
e non-o volvo a faguer:
mercar con dñeiro de outros
n'é mercar, sinon vender.

As estrelas do ceo
tembran na noite, e non sei
si é que tembran espantadas
do que no mundo elas ven.

Non poiden fuxir do pau,
mais logrei que a outro lle deran;
mental-o pau vai e ven
algún descanso me espera.

Home que pôl-a calada
nas pedras anda a apañar
ou é tolo de remate
ou a alguén as quer ceibar.

Xa sei que é soilo no ceu
onde un pode ser feliz,
i-eu serfao si topase
co-ista meiga terra ali.

Moito te quixen, e ti
nunca boa fala me deches;
Dios che depare mais sorte
da que para min trougueches



ENSAIOS DE PHISIOGNOMONÍA

DON XOHAN ANTONIO SACO E ARCE

A cencia fisiognómica — que precura determinar as qualidades psíquicas das persoas polo estudo do feitio exterior do corpo, e especialmente da testa e da face — é ben antiga. Colleu

gran desenrolo dend'os estudos de Xerónimo Cardán no século XVI e de Lavater no XVIII. Dempois do éxito resoante da Frenoxia, fundada por Gall, botada abaixo polo descuberta de mais atinadas localizaciós cerebrais, os estudos fisiognómicos ficaron case de todo esquecidos. Mais adian-techegou o reabilitamento, e a fisiognomía colleu nova vida;

acometida dend'o tempo do oculismo e da metapsíquica por Andrieu e Durville, e dend'o campo estruturado centífeo por Vaschide e mais modernamente polo alemán Kretschmer.

Non imos falar eiquí dos seus fundamen-

tos: «Non hai ninguén—di Dekker—que non teña formulado iste xuizo»: «Ten o ollar ca-zurro», ou; «Iste bico non anuncia bondade», ou ainda: «Ten fisonomía d'home honrado».

E estas impresións da observación vulgar, áchanse confirmadas pol-a cencia: «Altitudes, movementos expresivos, fisonomía, etcétera—di La Vaissière — son outros tantos meios que permiten descobrila personalidade mental a través da personalidade fisica». O mesmo atestou Hartenberg, en *Physionomie et caractére* (Paris, 1907). O motivo é duplo: por unha beira, o car-

raute responde a un temperamento, e un temperamento a unha determinada conformación corporal, observábel esternamente; por outra non hai dúbida qu'o psíquico axuda tamén a conformal-o fisico, e ainda a expresión das emocións mais adoptadas n-un



suxeto, ha se ir pintando na parte mais expressiva do corpo, a mais mobilizada pola emoción, ou sexa no rosto.

— —

Hai tempo que tiña eu mentes d'ensaiar a miña pouca cencia fisionómica nas faces dalgúns homes ilustres da nosa Terra—especialmente poetas e literatos—xa desaparecidos, e dos que se conservan retratos auténticos. Coma é unha pequena contribución a nosa historia literaria, irei dando aquí algúns dos que vaía facendo.

Advirto dende logo que n'estes retratos fisiognómicos, habrá moito d'impresión persoal, guiada, crar'está pol-as direítrices xerás marcadas pol-os investigadores modernos (especialmente Hartenberg e Kretschmer); mais é que hoxe n'esto coma no estudo antropolóxico das razas, a tendenza é a aconsellar o atese, mais qu'ó estudo isolado dos carauteres, á impresión global, que nin medidas nin indices poden sustituir ven-taxosamente.

— —

No salón da Direición do Istituto de Segundo Enseñío d'Ourense, hai un retrato en ólio do que foi seu Director D. Xohan Antonio Saco e Arce, o qual, no meio dos quais hai e que amostran o tristeiro adocenamento da arte oficial, chama dende logo a atención de calquera queolle pra-ll. Ise retrato foi o pirmeiro que m'iniciou a emprender istes estudos.

A personalidade de Saco e Arce, humanista, filólogo e poeta, autor da que podemos chamar pirmeira *Gramática Galega*, tradutor en galego do *Stabat Mater* e do *Miserere*, recoleitor d'unha enorme colección de cantigas e de refrás, é ben merecente d'elo. A sua vida exterior foi tranquila: naceu en 1836 n'Alongos, no solar da sua casta fidalgia e morreu en 1881 n'Ourense. Eiquí fixo a carreira eclesiástica e en Santiago a de Filosofía e Letras. Tivo a cadeira de Retórica e Poética no Istituto d'Ourense.

— —

Retrato fisiognómico.—Unha testa á quál-guen atopou certa semellanza co-a do Dante, cecais pol-a flacura. Cráneo outo, e face modelada a plans, alongada e angulosa. Unha facies céltiga. Dende logo vése qu'é do tipo *cerebral*, pol-o desenrolo do tramo superior: unha fronte outa, un quarto polo menos mais qu'o tramo medio—que tamén é longo—e unha migra deprimida nas tempas. Denuncia un home de pensamento, unha forte intelixualidade. A fronte por arriba remata despexada, mais vése qu'a calva é a calva céltiga, que comenza pol-a coroa, e non por adiante; asína no outo da fronte ainda quedan pelos. Era sen dúbida unha mentalidade poderosa, un outo espírito, iste Don Xean Antonio Saco e Arce.

O tramo medio—antr'o *nasio* e a *espinal*—é tamén longo, cos pómulos marcados, tendendo polo tanto ó tipo *respiratorio*, dos aventureiros e homes d'acción. Mais áchase tan dominado polo gran desenrolo do tramo superior, qu'a vida cerebral é a que leva todal-as enerxias; a marcadura dos pómulos non é aquí outra cousa que sinal do tipo *asténico*, no que s'incriuen os esquizoides de Kretschmer, revelado ademais n'iste caso por todolos outros carauteres. A longura do tramo medio indica aquí, coma siñalan Deker e Penschel, a terquedad, confirmada por outros signos.

O tramo inferior, moito menos desenrolado, non poriso lle falta intrés. Ofrece unha queixaída firme, cadrada, non moi estreita, indicando un caraute forte, e un papo cadrado, indicando vontade e á un tempo certa cobardía no trato.

O pescoco delgado, mais estreito qu'a queixaída—frecuente nos galegos—co-a noz sainte, é ainda, axuntado ós outros carautes, un sino d'astenia, e d'un caraute dooradamente sostido. Indica tamén, co demais, tendo en conta a sua longura, pouca vitalidade (Saco e Arce morreu ós 45 anos).

Entrando xa nos carauteres mais miudos, fixémonos pirmeiro nas sobrecellas baixas—ainda un signo d'intelectualidade, asegún Deker e Durville, embora a xente dera en chamar *Laughsbrow* ós filisteus...—e coma s'estiveran enrugadas no comenza do narís e nono están, senón que colllerón elas xa ise

feitio, amostrando o hábito d'unha concentración doída do pensamento. Dan unha impresión de pouco humor, d'ensimismamento, e tamén d'alteirosidade, d'unha alteirosidade que pón respeto, e diferente da alteirosidade sempre un pouco frívola do *high brow*. Sigue logo un narís longo, eclesiástico, d'apagador, narís caído, partido na punta, narís d'asténico e d'intelectual. Lavayer chamaba ó narís, «La retombée du cerveau». Efectivamente: toda a contida gravedade, a austeridade, a forza mental, a mesma tristura, da figura de Saco e Arce, esprésase afieito n'este narís que podemos chamar espiritual, e que polo feito da punta indica orixinalidade de concepción.

O ollos, un pouco metidos debaixo das sobrecellas, resultan pouco ousevábeis n'este retrato, a mais de seren a meirande dificultade na fisiognomía. Así e todo, un pouco velado pola pálebra superior, e cun plegue debaixo, son indicio d'un caraute soñador e concentrado. Son os ollos d'un místeco. Son ollos qu'ollan pra dentro mais que pra fora, ollos d'introvertido.

O bico pechado, de beizos finos con pouco coor, apertados un contr'o ou outro, o d'abaxo rubido, o d'arriba c'un pico no meio, indica bondade, anque certa soberbia, tristura e gravedade, concentración, dominio de si mesmo.

As orellas grandes d'asténico, aplastadas contra a testa indican intelixencia e finura d'esprito.

En conxunto, o retrato ten unha marcada expresión ascética, d'asceta moderno, com'a dalgúz xesuitas, com'a do mesmo San Ignacio de Loyola. Podería pasar pol-o retrato d'un xesuista afieito ós exercicios espirituais. É un introvertido, un soñador, unha poderosa intelixencia, un espírito esolleito e cultivado que houbera dado de si moito mais do que deu, s'a morte nono levara tan cedo. Iste espírito ademais áchase de cote fundamente axitado. Vese qu'está en calma aparente, que se domina, mas que lle custa traballo, que se ten que faguer moita violenza, unha violenza que lle doe, que sofre d'ela, mais que ten exercitada a vontade n'esto, com'os místicos, e sabe loitar, mail-a loita, d'engádego o traballo mental do estudo, vaixe apurando a vida, e consome as suas enerxías. Pouca vida é moita vitalidade; pouca resistencia orgánica e moita forza psíquica. Co-ista tenquesuprir o que lle falta d'aquela.

Lástima que n'este retrato se non poidan apreciar os riscos da fronte, que fan o ouxeito principal da metoposcopia, a cencia mais traballada por Cardán; n'iles pintase moi ben o esforzo do pensamento.

Se, segundo as normas da fisiognomía clásica, me perguntaran a que tipo planetario pertencia Saco e Arce, con seguranza respondería qu'era un saturniano.

VICENTE RISCO

PROBLEMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

(Proséguimento)

f) Condicións climatolóxicas.—As augas da terra.

A parroquia de Trasalba amóstrase englobada nos dous tipos de clima, de montaña e de ribeira, os que pertence pol-a sua posición e releve, mais con marcado domínio das

primeiras, d'un tipo menos forte que nos chaos postos a mais outura (Cea, Vilamarín, o propio Amoeiro). As chuvias outonizas xúntanse c'as propiamente d'inverno xeralmente desde Santos ou San Martiño. Xa o di o pobo: «Por Santos e Netal, inverno caroal». Chámase inverno, gardando o senso

etimolóxico, o tempo das chuvias. Unha gran invernía significa unha tempada de chuvias con vento Sul que sopra dende os horizontes das serras da Silvaescura e Bande. Os peisanos chámanle o *burato* o espazo que figurán no horizonte estas serras co coto de Novelle e das serras da Cañiza, postas propiamente ó SW. Entr'as siñas de chuvia figurán: o roncar da caldeira do tren que se percibe co aire Sul ben doadamente, e o estrondo do *cachón*, un regueiro que no inverno enche a quebrada entre Mugares e Alongos, na beira esquerda do Miño. Mais no inverno chove con todolos ventos. Hai longas invernías d'aire Sul, tépedo e mol, de chuvia mansa e terca qu'ámolece as terras e pón en traballo por longo tempo todo o sistema de quebradas do país. Tamén chaman *dezembra* unha chuvia forte e longa. Co aire do NE impera tempo frío e enxoito, de xiadas e vento que cando sopra miudiño e frío, sobretodo pol-a mañá, chaman *repicón*. Cántanse o mais, catro días de neve nos invernios más crúas. As vegadas neva en febreiro e na primaveira. «A neve febreiríña, cómea a galiná». No xaneiro hai semanas inteiros d'aire quedo e sol forte, naméntras na ribeira acúglase a néboa do Miño e do Barbantiño por días enteiros, chegando pol-o derradeiro val hastra Listanco e invadindo a quebrada da Fareixa hastra o muíño do Ruzo, o Quintairo, e as vegadas A Bergueira. Cando rube a néboa pol-as dez ou once da mañá, cobre por poucas horas toda a parroquia. Son raros nos chaos os días enteiros de néboa, e cando reina, é xeneralmente chovíñenta.

Pol-o espallamento dos horizontes, Trasalba disfraita d'admirabres e variados tipos de nubens. Pol-o W galganriba da liña dos montes (do Faro e Foso do Cabrito) as nubens da mar. Pol-o N, a Martíná e os relevés pouco acusados vistense cás néboas da montaña. Mailos peisanos teñenle respeito mais qu'ás outras ás nubens do Sul, As chuvias envolven o frolecer da primaveira e son particularmente frieiros os días de febreiro e marzo. A primaveira retrásase moito con respeito á ribeira. Os peisanos pra expresaren a diferenzia de clima, din qu'en Amoeiro (5 kil.) *enfrí s' o bico*. Os meses de mais

calor son os de San Xohan e mais Sant'Iago, con longas semanas enxoitas que botan a perder as colleitas. Cando sopra o N ou o *aire santiagueus*, vense pasar ó lonxe as tronadas e os de Trasalba din qu'están moi outos pra que ruban as chuvias. As tronadas (de Abril a Sant'Iago) fanse cada ano menos correntes. As mais fortes adoitan formárense pol-a parte do SL pregoadas pol-as grandes nubens, brancas e locentes, chamadas *torres*. Inda se garda lembranza do pedrazo que caiu o dia 21 de San Xoán do 1886, tan forte que ficaron os outeirais cás marcas das pedras por algúns anos e houbo precisión de voltar a sementar o millo xa nado e medrado. As cheas de trebón teñen feito moito mal nas terras e camiños pol-o esporente do terreo. Son poucos os días abafantes do vrou. Nótanse millor nas penedias outas do Roideiro, e nos chaos, onde secan todalas augas e as terras de pouco fondo salffrense en pó. Os peisanos sempre agardan unha reguña por San Benito, Santa Mariña e Sant'Iago. Os pobos pior espostos pr'o sol, son a Bergueira e sobretodo o Formigueiro, pol-o solar fondo espusto ó Norte. Monteastral soilo disfraita ben do sol da mañá. Os outonos longos e dourados son en xeral superiores ás primaveiras pol-a seguridade do tempo bó. Entón empezan as néboas na ribeira, ás vegadas nos derradeiros días de Setembre, comenzando unha inversión da temperatura que dura moitas semanas; mais frío na ribeira néboanta que na montaña soleada. En conxunto, Trasalba representa unha docificación do clima dos chaos pol-a menor outeira e veciñanza da ribeira.

A parroquia ten sonda de poucas augas. En comparanza cos chaos de Cea e Vilamarín, por eix, o dito é certo. Pois alí as terras fondas, pouco esporentes, os vrous fresquellos, gardan as augas nadas nas serras e afrotran en mantanías descoñecidos na bocarraibeira. En troques, as terras areosas d'Amoeiro son enxoitas. En Trasalba precísanse duas rexios: a dos cotos e chaos ou agros, e mailas das encostas e fondales. A primeira oferece exemplos típicos de fonteñas de sete meses todo o mais (inverno e primaveira) propias do releve granítico ou estrato-ristauño. As longas chuvias crián

A VEXETACIÓN

un fórmiguear d'elas no contorno do Rodeiro, nos agros e nas encostas penedosas. Algunhas están orgaizadas dun ano pr'ouro; ó pé dos cotos ou n'un corte do manto granítico óllase o oco por onde xurden as augas craras filtradas pol-a roca. Outras nascen entre duas laxes ou entre as follas cristalinas do estrato. Fontes ou millor nascentes d'ista crás atópanse na Xunqueira, no camiño de Fechos a Cimadevila, no Vedral, nas Campiñas, en Albeiros ó pé do Rodeiro. Na rexión dos agros son mais raras as fontes permanentes, mais nalgúnhas direcions hai cordas onde se pode minar con bô resultado. Por exemplo, os Agoeiros, no termo de Cimadevila. Nos propios agros hai algúns terreos barrentos onde demoran as augas da chuvia formando pequenos illós pol-o inverno. Un exemplo, as Lamas, xa na cabeceira da quebrada d'igoal nome, affluente do Medelo. Mais en conxunto, os choas son enxoítos e soilo consinten cultivos d'herdade.

Bon outras son as condicíos da zona de demarcación co val da Bergueira. Todo ó correr do camiño central da parroquia, unha fina de fontes permanentes tivo non pequena influenza na críaçon da riola dos lugares. Fontes e Carreira Coba en Cimadevila, a Fonte Vella entre Cimadevila e Outeiro, n'un cruce de camiños, a que dá nome ó pobo de Fontemaior, as do Outeiro e Albeiros. Os cotos de Portela e Faracho c'as terras de agro desenroladas entr'elles, apenas teñen mais nascentes quás temporarias. As encostas e as quebradas da Bergueira e Faireixa teñen auga d'abondo. Con todo, mais de puzo que de corrente. Unha zona d'augas doidas de precurar siñala a veiga d'Albeiros, cabeceira común a duas quebradas diverxentes. Outra vai polo pé do Outeiro, Cimadevila, hastra xuntarse cos mantanás das Lamas. Eiqui están bastolos puzos de bimbastro. Nos fondales das quebradas, os regueiros (Bergueira, Rigueirña, Formigueiro) levan augas grande parte do ano e van seguidos por terras de lameiro e nabeira. O pobo mais rico d'augas é Soutomanco, posto no ángulo das costas pizarrentas que baixan ó Miño e graníticas esporentes ó Barbantínio.

O seu estudo compretrárase ó tratar da agricultura, pois como terra de moita poboaón e labouras continuadas dende tempos recuados, o traballo do home cambeou a facies natural do tapís vexetal. De tal xeito que non se pode entender un isolado do outro.

Nas chairas contidas ant'o cotos e pouco traballadas pol-a erosión, medran os *mugos* e *onrículos* que van criando un torrón cíclico de futuras colleitas ó podrecerán maiamente nas longas invernias. Son zonas de toxéiras e xestais, pouco bastos, agarrados ós perfis e laxes da penedía; nos petoutos desfeitos polos canteiros domína a fral decorativa e as follas tristeiras da *abruna* ou *estraloque*. Un cinturón crecedeiro de *píñerás* cingue os cotos e rube ás outuras nos da Portela. Cobrirá toda a rexión de non-o impedire o dente da avenza que pasce n-aquiles montes comúns de moitos pobos.

Nos choas e menos nos cotos, medran *casitiños* e *carballos* sobre o maquis de toxeras e xesta. Iste cobre as laxes, as touticeiras e en conxunto toda a superficie non doada pr'o traballo labrego. N-outro tempo os soutos de castieiros alternaban c'os agros de pan; hoxe quedan poucos por grupos de tres ou catro (Pereiras, Vedral, Vieiros, arredores d'Albeiros, os Campos, nos agros intermeios os cotos da Portela e Faracho). Son arbres vellos e acarachoados. Os carballos en familias más bastas, dan unhas facies de parque a moitas larganzas dos choas (Campinas, Agoeiros) e a certos cerramentos dos cotos (Albeiros, Campos). Mais as zonas de pechos arboreados son a do comenzo da encosta (o cerne vital da parroquia) e as quebradas. Aquela aparecese percorrida por unha riola de soutos, carballeiras, piñeirás dende o lindeiro da parroquia pol-o N e veiga d'Albeiros, hastra o Outeiro e Cimadevila, sendo rares dendólite lugar ó d'Albeiros. No camiño ou preto d'il, e nos campos dos pobos envélecen bós soutos (campo da Reguenga, campo da Feira, soutos da Prazado Campo, campo de Cimadevila). O castieiro asociado c'as carballeiras figura nas cabeceiras e ladeiras dos lameiros e nabeiras da

veiga d'Albeiros e nas terras penedosas do comenzo da encosta (Fontemaior, Outeiro, Penouzoás, Cimadevila). Algunhas grandes *carballas* isoladas son coñecidas e gabadas dend'antigo (carballa da Córrega, carballa do Campo da Feira). Mais a porción de mōres arborescos é a das quebradas (Formigueiro, Medelo, costa dos Mortos, Fareixa e Lamas especialmente) c'a veiga d'Albeiros. Os bosques de carballos, castiñeiro (en trabes dreitas precurando o sol) medran na boa terra das encostas e regatos encadrando os lameiros. Os *salgueiros*, *bimbíceiras* e *abedoiertas* seguen o correr das terras pratenses e molladas. Os *píneiros* e *carballizos* agatúan pol-as arestas penedosas. N-istas é frequente a asociación pechada de carballizos enanos figurando unha sorte de maqui's. Nos fondais quentes medran os *sobreiros*, propios da vexetación da ribeira do Miño (costa de Fecho, Medelo). Nos outeirais soledaos da rexión baixa os *árbedos* forman xuntanzas pechas. É intresante a vexetación do rego da Bergueira na parte fonda, dend'o muíño do Ruzo, onde s'atopan algúns exemplares de *telxo*. N-outro tempo as *oliveiras* criábanse hastra a rexión da encosta. Dos froitaños falaremos no capítulo da agricultura.

Das prantans herbáceas, abondan na rexión dos chaos, a *senradeira* e o *saramugo*. Os lameiros compoense de *trebo*, *gramia*, *rabaça*, *xunca* e outras moitas. Nas nabeiras medran os *beldros*. O *toxo* e *xesta* da rexión outa alternan nas quebradas, sobretodo car'o Miño, c'a *carqueixa* e *uz*. As *carpasas*, *fentos* e *silvas* asócianse nas terras fondas e húmidas, sempre en loita c'o esforzo do labrego.

PEISAXES XEOGRÁFICAS

Coido que pra conseguirre unha impresión o mais compreta e vivente posibre d'unha terra, non hai millor sistema que escolmar unhas poucas peisaxes xeográficas caraústicas. Nelas síntese o xogo diario dos variados fautores da terra, da atmósfera, da vida e do home que n-un estudo isolado figuran desartellados e privados da dinamicidade da sua realidade de loita e asociación.

Teimaremos fixar algunas das más caraústicas en cada unha das divisões que tenemos feito nas terras de Trasalba.

1. O Rodeiro.

Ó pé d'un coto dos más outos, xa preto da baixada ós chaos. Arredor de nós dispóense grosamente liñas de cotos penedosos ou de simpres outeirais. Entr'eles espállanse docemente labouradas pol-as invernias, chairas alapeadas no vraela, nas qu'afora eiqui e ali a laxe nai ou as arestas de penedos encubertos pol-a pequena vexetación de toxeras roídas polos dentes da avenza e das bestas, e mantelos de liques e ouricelos. No inverno iste torrón adequire un maino verdecer e faise mol o pisar, todo il mollado por augas mortas e pequenos regueiros calados. Síntese como o Rodeiro é un gran recolledor de augas do ceo que logo no contorno xurden nas fontes temporeiras dos chaos e millor organizadas nas custantes das nabeiras e na reserva que mantén os puzos e as minas. Nos días d'outono, costéllase oermo de *quitamerenadas* coma na primaveira mollada de *ponmernenadas*, as suas irmás tamén homildosas e ledas. Os peisanos ben sinten a beleza d'istas froles. Algúns bravos piñeiros agatúan polos roquedos ou nascen coma candieiros nas pequenas chairas. Todo o monte podería estar coberto d'iles. Mais é o comunal de tres pobos e o gando e a xente non os deixan inzarre. Algúns cotos están cuase desfeitos polos canteros e ó lonxe locen as pedras brancas, de superficies novas, apenas desfroradas pol-as augas e as vexetacións, por riba das moreas de pedregullos e forras o ollar chouta dos grandes cotos que gardan unha certa ordeación xeométrica ós comedos pola erosión, descompuestos, esnaquizados, en figuras estranhas, de vaga lembranza orgánica ou pantástica (testas de porcos, cunchas de sapoconcho, esgrevios perfís de pico, azas e poutas d'ave de rapina, dólmens sinxelos ou compostos, isolados penedos ovóideos, outros cacaranados de pozarcas e buratos) sufincándose ós outros en xeitos

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

(Continuaráse.)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

Etimoloxías populares

Boimil e *Boyido* son lugares da parroquia de *Boimorto*, concello de idem, partido xudicial de Arzúa.

O orixe de tales nomes está pra os veciños de Boimorto en que vindo certa vez por estas terras un gandeiro con moita récua (*Boi-mil*) desmandouselle unha das cabezas (*Boyido*) que fuxiu perseguido polos mozos hastra que omataran (*Boi-morto*).

Recollido por
ARMANDO COTARELO

Esconxuro contra o can arrabadeo

Detente, can doente,
como Dios se tuvo en sf.
Santo Outeliño bendito
no medio de min e de tí.
Ca gracia de Dios e da Virxen María
un padrenuestro e un avemaría.

(San Martín de Liñayo, Negreira).

Recollido por
ANTÓN MAGARIÑOS GRANDA

Parrafeo incompresto

Dios che dea buenos días
E tamén as madrugadas
Nena que andas na horta
Apañando as orvalladas

Buenos días queridíño
Preguntas como me vai
Agora xa lle pasou
O enoxo de meu paí

Non se me da por teu paí
Nin que llo enoxo pase
Dáseme por ti meniña
Porque fun contigo a Laxe

Si fuches comigo a Laxe
Foches pol-o teu proveito
Esa razón que dixeche
Pudechela ter no peito

Que a puiden ter no peito
Queridíña tes razón
Pero agradabame moito
A tua conversación

Buenos días teñas neno
Y muy buenas madrugadas
Nena que andas na horta
Apañando as marafalladas

As marafalladas sí.
Queridíña tes razón
Porque me gustaba moito
A tua conversación

A miña conversación
Non lle daba gusto a nai tua
Xa que Dios o quixo así
Que ti foras miña dama

—
Eu tua dama non son
Nin tua nai miña sogra
Qu'o dia que ti te cases
Ei de poñer mantilla nova

—
Mantilla nova porás
Eso non che é maravilla

Qu'o diñeiro para ela
Mandeicho eu de Castilla

—
Si o mandaches no mandaras
Eu non cho mandei mandar
De sete damas que tes
Dime cal *has de olvidar*

—
De sete damas que teño
Meniña que tes con eso
De sete damas que teño
ti es a de menosrecio

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O «NÓS» EN MADRI.

Na derradeira sesión da «Sociedad española de Antropología, Etnografía y Prehistoria», o ilustre Profesor Don Luis de Hoyos Sainz, un dos que mais teñen feito pol-o adianto dos estudos etnográficos na España, chamou a atención da Sociedade en col do noso labor, pr'o que tivo verbas de loubanza que moi agradecemos, e propuxo estableceren o troque das publicacións da Sociedade co-a nosa revista. O noso compaño Fermín Bouza Brey, presente na xuntanza, deu as gracias no nome de NÓS, ó Sr. Hoyos, as que agora reiteramos gustosamente dendequí.

O Sr. Hoyos ofreceu tamén a sua colaboración na nosa revista, a qual, con verdadeira satisfacción anunciamos ós nosos leitores.

EN COL DOS PRIMEIROS MOIMENTOS GALEGO-PORTUGUESES.

PRA bó ensinío de algúns que andan a falar na nosa terra dos escomenzos do idioma galego, de costas á realidade e con moito degoro de facer descubrimentos, será bó dar hoxe catro notíñas denantante de que calquér estudiante portugués de bacharelato veña correcir ós nosos *conferenciantes*.

Primeiramente será mester decir que entre o P. Sarmiento e La Iglesia está o descubrimento dos Cancioiros e que entre La Iglesia e nos están os traballos dos romanistas, especialmente de C. Michaëlis e da sua escola.

En segundo lugar que ó galego non lle fai falta pra ser idioma que deixen de ser apócrifos o canto de Gonzalo Hermíguez, o crónicón de Don Servando, etc.

Ademais que, anque nos séculos IX, X e XI aparezan verbas e ainda frases soltas galegas nos documentos,

— a primeira cantiga galego-portuguesa, é, na mellor das hipótesis, posterior ó 1189;

— o primeiro documento portugués ten data 1193 e foi publicado na *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*, de Leite de Vasconcellos, en 1901;

— o primeiro anaco longo de galego topado nun documento latino, foi escrito en 1227 e publicado pol-o P. Atanasio López nos seus *Estudios Histórico-Críticos de Galicia*.

— e os primeiros documentos *enterios* en galego datando 1233 (López Ferreiro), 1255 (Carre Aldao) e 1259 (Murguía).

Nada mais, pol-o d'agora, como non sexa advertir que a pesar de Menéndez Pelayo, non existiron nunca cantigas de ledino, mais que na imaxinación de Th. Braga, e que o «Rei vello que Deus confonda...» non

está no *Conde Lucanor*, senón no *Tractado que fizó Don Juan Manuel sobre las armas que fueron dadas a su padre*.

FILGUEIRA VALVERDE.

LIBROS D'A FORA

OS ALTARES D'ALEIXANDRE.

No vrau do ano—326, Aleixandre chegou á beira do río Hifasis asegún contan Arriano, Quinto Curiu e outros historiadores e asegún dirían os doce altares qu'ali ergueus si se gardara rastro d'iles. Pois a falanxe de ferro polido (falânxe de Filipo, lexión de Paulo Emilio, tercio de Xulián Romero, garda de xigantes de Federico, media brigada de Carnot e Bonaparte, reximento de Moltke) estrofes clásicas. Grea de celtas, neboeiro de xermanos, elenco cabaleiro dos cruzados, sotnia de cosacos, cabalgada mongola, landswhert, franco-tiradores, guerrilla, milicia irlandesa, verso ceibe, romántico, novo) non quixo adiantar mais na disforme India latexante. Foron aquiles altares un dos marcos da historia; un termo da marea viva, do Océntide. Augas do Egeo bañando o corpo quente da Asia. Onde pór hoxe o marco da marea inversa—terrestre? O paralelo dos dous tempos sería intresante. O d'Alexandre é luxurante non somentes pol-a creación do conquidero-conquerido, senón moito mais pol-o que ven despoxia hasta a politéca romana, os Parthos e os Sassánidas, Aleixandria, Antioquia, Selenia, a interna tragedia d'Israel, os gregos arcaizantes e a nacencia do Océntide nas lamas latinas. Pois Grecia sempre s'envelou en veos do primeiro e mais achegado Oriente. Foron dende Aleixandre hastra Atalo, Mitrídates e Cleopatra, siglos longos, espaciados, cheos de cousas colosais: plásticas, administrativas, esforzos eruditos, catalogos certificas, grandes vidas aventurais, síntesis disformes, paixões e catástrofes dinas d'Olimpos *a posteriori*. Centíxan como frías xemas estelares nomes de muller: Olímpias, Estratónices, Berenices, Cleopatrás. É pranto dos Adonis medra nos outonos barrocos.

Unha precisa exposición d'aquiles sigros tan desprezados nas historias xerales, enche o volume titulado *O Imperialismo Macedónico e a helenización do Oriente na Evolución de l'humanité*. Com os mais volumes un prefacio de Mr. Henri Berr. Xa falaremos d'iste home que levava barba diplomática—de pre-guerra—dalgúz persoaxes de Marcel Proust e sofre o suprio dantesco d'ir escri-

bido metódicamente os cen prólogos a qu'está condanado.

UN DICCIONARIO DE FILOSOFÍA.

CHEGA á tempo. Está chamado a exercer una pequena, calada e segura influenza, o *Vocabulaire technique et critique de la Philosophie*, ordeado dílixemente por Mr. André Lafande ca colaboración da Sociedade francesa de Filosofía. Fixouse primeiro unha edición en quadernos con grandes marxes pra apuntal-as opiniós ditas e contrastadas en cada sesión da Sociedade. Resultado: un arsenal preciso e documentado do contido ouxetivo da Metafísica, Moral, Lóxica e Estética, c'un pouco d'outras cencias (Psicoloxía, p. eix.) no que teñen de mais xeral. Un grande instrumento d'información, coordinación e lembranza, sin dogmatismo ningun, pois cada redactor faise responsable do seu, e en cada artigo avecinanase Platón e Aristóteles, con Scoto, Aquino, Locke, Kant, Cournot, etc. Grandes e pequenos, vellos e novos. Prós estudiantes sería de grande alivio e consolo espiritual, unha boa escolma do *Vocabulaire philosophique*. Unha verba: *Ideia*. Falan nos seus idiomas (cás traducidos competentes) Platón, Aristóteles, Kant, Sto, Tomás, Descartes, Hobbes, Locke, Hegel, Schopenhauer, Berkeley, Hamilton, Spinoza, dispostos en liñas asegún os sensores capitales. Nas notes unha discussión entre M. M. Rauh e Lachelier. Iste libro d'estudante, de leitor e d'escriptor, o menos que pode fazer será precisar os elementos materiais da conversa filosófica, ben botada de perda por brétemas literarias e ensayísticas.

O XUICIO DERRADEIRO E O CEMENTO ARMADO.

CALQUER pensará na chegada do Xuicio Final diant a moitedume de libros dedicados a gabanza do corpo (nú, deportivo, vixiante, durmiente, belante e imperante) coma si fora noxente disporse pr'a grande revista. Xa vai sendo perigoso andar pol-a rua os enfermos e os que sinten rebulir dentro unha suscancia da y alma. O que non hai dereito é a que se fale de libros como un que trata moi gravemente da ética, estética e novidade (sobre todo novidade, inda que sexa agora un pouco serodia) do cemento armado. Parés qu'en tal libro afirmase que un soporte de cemento pode blandearse sen perigo d'esborrallemento. De todos xeitos, coido que será comenente fuxir cando s'advirtan ises baillados nos pilares de formigón. Iste libros (o solo anuncio d'iles) dan tristeza e desa-

cougo. Inda temos dereito a peneirar realidades.

R. O. P.

NOVAS DE PREHISTORIA DA GALIZA.

ENTROU o mundo na febre de esculcar nas orixens dos pobos. Escávase en África, en Asia i-en América; escávase con forte intensidade en toda a Europa e moi principalmente na Hispania, e dentro de ela Galiza vai incorporándose pouco a pouco ó movemento xeneral.

En cinco ou seis anos, desabregársonse citianas, catalogáronse castros, abríronse mais de sesenta mámoas e publicáronse moitas monografías e algúns trabalhos de conxunto. É un bon comenzo e unha promesa gasilleira.

As esporzoras do Monte Tegra seguiron as leizóns que deu na Universidade de Santiago o ilustre profesor Obermaier, e istes dous feitos son quizais os que sinalan o comenzo da renacenza dos traballos prehistóricos na nosa terra.

Produto da xeira que por entón fixo aquil sabio mestre polos museus e coleccións galegas e o artigo «*Die Bronzezeitlichen Felsgravuren von Nordwestspanien (Galicien)*» *Jahrbuch für prähistorische ethnographische Kunst*, Berlin, 1925.

Trátase de un ensaio de ordenación do material concedido da nosa arte rupestre que o autor considera dividido en duas fases, unha mais antiga, neolítica, que comprende as estilizazóns da figura humán, os animais esquematizados e os reitángulos con cruces ou enreixados incrusos; e outra mais moderna, que se desenvolve na Idade do Bronce e remata ca invasión celta, na que compre crasicrás as combinazóns circulares e os sinos laberinticos i-spiraliformes.

Pón tamén en comparanza o profesor Obermaier, como xa fixera Cabré e fixo recentemente o P. Jálhay, as figuras reitangulares, con cruces ou enreixados cos ídolos-prácas propios da fase plea da cultura dolménica do centro e sul do Portugal.

As semellanzas sinaladas non deixan de ser notables, mais compre facer notar que os ídolos-prácas non se teñen atopado ó norte do Douro e que no tempo do seu máisímo inzamento, hai unha evidente interrupción dos contactos entre as civilizazóns do sur e do norte de aquí río, así como tamén que as devanditas figurás reitangulares, moi abundosas no oeste da Galiza, alcóntranse mais espalladas en Tras-os-Montes e no Minho e fallan case en absoluto no resto de

Portugal, por todo o coal cojámos que as anaxoxias indicadas por Obermaier deben aportar millor a unha coincidencia na espresión de unha ideia, quizais imitante, que a un verdadeiro infruxo cultural.

Unha novidade ben interesante en col da nosa arte rupestre ofrecérona o P. Jálhay na sua sínxela é ben ilustrada nota «*Los grabados rupestres del extremo sudoeste de Galicia*», que viu a luz no *B. de la C. de Monumentos* de Ourense, vol. VII, n.º 177, Marzo-Abril 1926, ó darmos a conocer en compañía de inscruituras cruciformes, de reitángulo e círcos, algunas representazóns de carros, olladas na bisbarra de Oia, que sen ser novas na Península, non tiñan sido atopadas deixa agora na Galiza.

Notabilísimo por todos conceptos o artigo do noso sabio amigo Lluís Pericot «*Los vasos campaiformes de la colección de la Iglesia*» (*B. de la R. A. Gallega* n.º 192, Marzal, 1927) no que aparecen as novas formas, baixas e imitantes ás de certos eisempres bretones das cerámicas devanditas, reconstruídas recentemente en Barcelona. Soio desexariamos ter alcontrado n-iste fermoso traballo unha ollada mais sintética que relazoraza a intró lúzon da cerámica campaiforme na Galiz i con outros fenómenos do noso encoleítico.

No *B. de la R. A. Gallega* anda a publicar o ilustre arqueólogo cristián Anxel del Castillo un traballo titulado «*Prehistoria Gallega. Hachas de bronce de un depósito*». Pol-o que de il conocemos, coídámolo como unha das cousas más completas e documentadas que se teñen feito en col da prehistoria galega, achándonos en absoluto conformes cos puntos de vista espertos respecto ó lugar de orixe dos machados de talón de duplo anel.

O infatigabel P. Jálhay dá, no *B. de la C. de Monumentos* de Ourense, unha nova proba da sua actividad dando a conocer no número 173, vol. VIII, Abril, 1927, baixo o título «*Un nuevo castro gallego. (Oia, Pontevedra)*» dous machados de bronce de talón con duplo anel atopados na bisbarra de Oia e que estaban inéditos, e asimismo o achádego na dita bisbarra e no lugar chamado O Bosque de unha fibula de botón co apéndice ergueito, do aro de unha febilha, de pesos de rede e de algunas cerámicas riscadas de tipo castrexo, tendo aparecido todos istes obxectos perto do sitio onde se asoellou un *dolmen* e se descubreron algunas sepulturas romanas, feitas con ladrillos e tégulas e moi imitantes ás de Vilagarcía e Mourente (Pontevedra). O autor asóchase e con razón que no lugar dos achadegos debeu existir un castro.

Continúan en Domiño as escavazóns, que

nunha cítania ali situada, ten emprendidas o noso fraternal amigo e catedrático pontevedrés Antón Losada Diéguez, que leva recollido xa unha xurdida colección de obxectos, especialmente cerámicas riscadas e estampadas de tipo castrexo, moi ricas en motivos decorativos.

Na primaveira de iste ano e baixo a dirección ténica de Lluís Pericot, empriñou o ilustre galego que se chama Enrique Peinador a esporación da cítania de Troña (Mondariz). Van descubertas algunas caspas circulares, inscursuras e testos, moitos de eles romanos (*terra sigillata*) e algun pintado do tipo ibérico tarteso, que ten na Galiza un inzamento serioso.

Por membros do Seminario de Estudos Galegos fixouse a escavación de varias necrópoles dolménicas (Lobeira, Raíriz, Serra de Penas Libres, Serra da Moá e Maus de Salas); estase esporando a cítania de San Cibrán das Lás e comenzouse o estudo sistemático da Barbanza, cuas primeiras resultanzas aparecen no presente número de ista revista. Catalogáronse tamén bastantes castros, distinguíndose n-ista laburra, polo seu tamaño e intelixencia, douces rapaces, Sebastián González García-Paz e Xoaquín Louzada, que agora se inician nos traballos prehistóricos.

DO RESTO DA HESPAÑA.

SEGUE a Cataluña indo á cabeza das investigacións. Despois dos brillantes estudos de Bosch sobre os vascos e sobre a emigración de tipos hispánicos no neolítico e da espléndida monografía de Pericot en col da cultura megalítica catalana, publicacións das que se deu conta xa n-ista sezón, aparecen no *B. de l'Associació Catalana d'Antropologia* (vol. IV, 1926) os artigos de Salvador Samso e de Salvador Anguera titulados «*Memoria sobre la troballa de la gruta sepulcral del Panta de Foix*» e «*La Cova del Cartanyà*», con importantes descubertos de cerámicas campaniformes e argáricas, instrumentos de pedreira e restos humanos.

Na mesma revista continúa Xulio Martínez Santa Olalla, un dos prehistoriadores mozos de mais erudición e maior talento, a publicación da sua «*Prehistoria burgalesa*», que chega xa ó neolítico, reproduciendo e comentando o material recollido en covas de aquela provincia, moi abondoso en testos decorados con relevés e incisiones, que obrigan ó autor a incurir a bisbarra obxeto da sua investigación no sucirco Estremadura-Segovia da cultura das covas, inda que el ofrecen certos caracteres persoais.

De Xulio Martínez Santa-Olalla é tamén o fascículo «*Orígenes da Valladolid*» no que

resume o pouco que se sabe en col da prehistoria de ista cidade castelá.

Il terceantísimo é o libro de Eduardo Hernández Pacheco «*Las Pinturas Prehistóricas de las Cuevas de la Araña* (Valencia) (Junta de Ampliación de Estudios, Madrid) que contén puntos de vista compretement novos respecto á cronoxía da arte rupestre da Península, que il coñida dividida en troglodita e rupestre, estudiando o seu desenvolvemento, as suas áreas xeográficas e inzanzas.

Os profesores Aranzadi i-Eguren e o eminente vascoñil J. M. de Barandiaran dan conta no fascículo «*Exploraciones de la cueva de Santimamiñe*» (Bilbao, 1925) da descuberta de obxectos paleolíticos e de pinturas do madalenense inferior e medio, na caverna vizcaína de aquél nome, que ven encher en parte o valdeiro que existía entre a arte das covas asturianas e cántabras e as do sudoeste de Francia.

De intrés particular pra Galiza é parte do material asoellado polo P. César Morán no límite das provincias de Salamanca e Avila («*Excavaciones arqueológicas en el Cerro del Berrueco*, M. n., 63 de la J. S. de Excavaciones») por sinalar o contraste entre o noso posthallstático e o da Castela occidental, que aparece en troques algo emparentado co dos castros trasmontanos. É de supor que aquél contraste e iste parentesco sexan confirmados cando se publiquen os materiais que Cabré andá a recoñer nas cidades de Ulaca e das Cogotas, na provincia de Avila.

E por derradeiro, e anque se trate de disciprinas filolóxicas, menzoaremos o lumioso estudo de Gómez Moreno «*Sobre los Iberos y su lengua*» (Madri, 1925) no que ca axuda do onomástico antigo de nomes propios, reconstrúe a etnoloxía prerromana da Península, que queda dividida en tres elementos principais: un ibérico-vasco que se localiza ó leste e ó sul e que debe considerarse como o mais vello; outro ligur que se dexerga en case que toda a meseta, en Cantabria, Asturias e Lusitania e que coída introducido na Idade do Bronce e outro mais moderno de orixe celta, que ocupa os montes que van desde Burgos ó Moncayo, a serra Morena, a estremidade meridional da Andalucía e a Galiza. É inútil decir que a sabenza e método científico brillante n-iste traballo como en todo o do mestre Gómez Moreno.

No número do *B. de l'A. C. d'Antropología* de que xa falamos aparece un longo artigo de Xulio Cejador titulado «*Iberia I. Alfabétos e Inscripciones Ibéricas*» na que moitas das concideas deixa agora (chumbo de Alcoy, Puchol, moedas e tampas sepulcráleas) descifranse polo vasco atual por medio de un valor novo dado ós sínos alfabeticos.

Non somos filólogos nin conocemos o vasco, e así teremos que agardar a que os entendidos den o seu parecer, mais no entretanto non podemos menos de consinar a nosa estraneza ante os feitos verdadeiramente insolitos de que aquela lengua houbera permanecido inalterabel durante dous mil trescentos anos e de que en ningunha das inscripcóns funerarias interpretadas e descifradas non apareza nin un soio nome propio.

NO RESTO DA EUROPA.

Novas publicacóns de G. H. Luquet «*L'Art et la Religion des Hommes fossiles*» París, 1926, en que se volve á teoría da arte pol-a arte pra os comenzaos da pintura nas cavernas e de H. Kunihl en tres artigos aparecidos en *Mannus*, XVII, en *Tagungsbericht der 47 Versammlung der Deutschen Anthropologischen Gesellschaft in Halle i-en Ipak*, II, 1926, con observacóns ben interesantes en col da arte rupestre en xeral e do de Hespanha (Valltorta) en particular.

Arnold Van Gennep o ilustre etnógrafo publica nas «*Actes du Congrès d'Histoire des Religions de Paris*» baixo o tido «*A propos du Totemisme préhistorique*» un traballo encamulado a sinalar os perigos das reconstruções das mentalidades prehistóricas por medio de comparanzas cos primitivos atuaes.

O paleolítico superior da Gran Bretaña é tratado de un xeito sintético e moi documentado por Miss Garrod en «*The upper palaeolithic Age in Britain*» (Oxford, 1926).

Pode servir de proseguimento da obra de Miss Garrod o libro de T. D. Kendrick «*The Ene Age*» (Londres, 1925) en que se sistematiza de unha maneira nova todo o conocido respecto ó neolítico e os comenzaos da Idade do Bronce na Inglaterra, concedendo a debida importancia ás aportacións da cultura francesa do silex e ós contactos marítimos co oeste da Península Ibérica.

No *Mitteilungen der Anthropologischen Gesellschaft in Wien*, saiu o artigo de Hrodegh, «*Studien über die Neolithkeramik des niederoesterreichischen Manhartsgebietes*» e tamén o de J. von Trautwitz-Hellwig «*Kulturverhältnisse am Ende der Stein und Anfang der Bronzezeit in Südbayern*» que conténen moitas apreciacóns notables en col do neolítico e da Idade do Bronce da Moraña e de Bayiera.

Moi útil pró conocemento da prehistoria escocesa que a través da Irlanda tivo relações probabels ca galega é o «*Illustrate catalogue of specimens from prehistoric instruments found in the North-East of Scotland*» publicado por R. W. Reid.

De importancia capital pra Galiza son os

dous artigos de J. Loth «*Relations directes entre l'Irlande et la Péninsule Ibérique à L'Epoque Eneolitique*» «*Relations directes entre l'Irlande, l'Armorique et la Péninsule Ibérique à L'Epoque Eneolitique*» que viron a luz respectivamente nas *Mémoires de la Société d'Histoire et d'Archéologie de Bretagne*, VI, 1925 e no VII, 1926 da mesma revista, nos que se trata con grande acopio de datos o problema de aquelas relacóns, anque cinguindo soito a Portugal e sen menzao a Galiza cuios inventarios parez descoñecer o autor por completo.

Moi intresante tamén o traballo de Z. Le Rouzic e de M. e Mdme Saint Just Pequart aparecido co tido: «*Er-Yoh, Nouvel outillage en os et en pierre découvert dans le Morbihan*» na *Revue Anthropologique*, XXXV, 1925, en que se dá conta do achadego de sexíos de lascado asturense n-aquela localidade armoricán, que apareceu nun medio neolítico ou millor eneolítico, mais que a pesar de ela poden indicar unha tradición común na Armónica e na Galiza.

DA ÁFRICA.

CONTINÚA iste continente preocupando fundamentalmente ós prehistóriadores e ós etnógrafos.

Menzoaremos:

«*Hadschra Makuba. Urzillische Felsbilder der Kleinafrikas*», por L. Froebenius e H. Obermaier. Estudo definitivo da arte rupestre do Sahara.

«*The Recent Geology and Neolithic Industry of the Northern Fayum Desert*», polas señoritas E. W. Gardner e G. Caton-Thompson (Journal of The Royal Anthropological Institute, LVI, 1926.) Abondoso material entre o que aparecen algúns curiosos paralelos de tipos almerienses.

«*Die Tumbakultur und der westafrikanische Kulturreis*», por O. Menghin. Estudo dos instrumentos de pedra do Congo medio.

«*The Stone age in Rhodesia*», por Neville Jones. Contribución importante pra o conocemento do paleolítico sudafricán.

DA ÁSIA.

«*Untersuchungen zur Paläoethnologie des Orients*», por Viktor Christian (Mitteilungen der Anthropologischen Gesellschaft in Wien,

LIV, 1924) Novas aportazóns en col das influencias civilizadoras dos braquiéfatos asiáticos.

«*The early colonists of the Mediterranean*» por J. Rendel Harris, Manchester, 1926. Opinións por vegadas algo arriscadas en col das colonizazóns hititas, árabes i-exiencias no Mediterráneo.

Seguen os traballos esporatorios de Mister Wooley en Ur, as da Universidade de Filadelfia en Beisan (Palestina) as da Jewish Palestine Exploration Society en Jerusalén e as dos profesores Böhl, de Gröninga e Praschniker, de Praga en Síchem.

DA AMÉRICA.

«*El Problema Paleolítico Americano*», por Max Uhle (Boletín da Academia Nacional de Historia de Quito, V.) Monografía da estación paleolítica de Taltal, en Chile.

DA OCCEANIA.

«*A Contribution to the Study of Eoliths: some observations on the Natural forces at work in the production of flaked stones on the central Australian table-lands*», por F. W. Jones e T. D. Campbell. Descuberta de probabels eolitos artificiais á beira de outros moitos craramente naturaes.

F. L. C.

BIBLIOGRAFÍA NUMISMÁTICA

CATALOGUE DE MONNAIES FRANÇAISES DE HUGUES CAPEL A CHARLES VIII. (Première Partie), Paris, 1927.

AUSILIARES preciosos do coleccionista son os catálogos de vendas; mais os catálogos franceses cumplen con insospitada bondade ista laboura complementaria das grandes obras da cencia numismática, de esta cencia a que França ten dado tantos e tantos cultívadores que non se pode deixar de man a bibliografía francesa de tal especialidade: Sauley, Cohen, Dieudonné, Heiss... resultan nomes fundamentais.

Os expertos Jules Florange e Louis Ciani non levan con estas soberbas edizóns un fin somente especulativo. Non poden levalo quenes teñen aportado a Numismática estudos fondos algúns dos que devirá crásico.

Sorprende verdadeiramente iste novo catálogo de moedas francesas, sorprende o testo e asombran os grabados. Desprégase diante do *amateur* a riola de moedas medioe-

NÓS

vaes francesas desde os vellóns capetianos ós agnus-deis e escudos de ouro posteriores.

O estudo conoce xa as obras básicas de Hoffmann millorada por Louis Ciani pero sabe ben que certas moedas tímicas cuña historia e cujo destino é forza perseguir teñen nos catálogos un lugar preferente. Son a honra de un hotel de vendas e milleiros de ollos fitadores pousan n-ela dende todo o Mundo.

Istas moedas francesas do medioevo teñen bon comentario en Galiza por mór das perinixares. Forman elas unha boa ilustración ó marxe do camiño francés. Non son un nin doux os hachadegos de *tesouros* de cuños de Lois IX e dos Carlos o longo de ista via. Mais isan novas gardámolas pra outra ocasión. Hexo somentes anunzar que no mes de Santos escomenzou a venda pública que este catálogo, fastuoso gonfaleiro, nos pregoa.

ARETHUSE.—Fascículo 16.

TRAI, aparte da *chronique* que gorenta cómo de cote artigos de Mironne, Hayford Peirce et Royal Tyler e Georges Huart. Interantes prá nós os estudos dos segundos citados có análisis de dous movementos no arte bizantino do século X que coídan pertibir nos marflins ou almásias que se atopan nos museus de Europa. A nós non nos é moi posible disociar istas pequenas obras ouren tales da escultura románica e ca nosa liberdade de profanos. Algunha vegada temos pensado si non teremos nos almásias de Biacino os torgos más ou menos proximos do arte que estrou de gloria ó século de Xelmírez.

Ofrece «Arethuse» un grabado do puño da espada ofrecida a Albert Besnard ó seu ingreso na Academia obra maestra de Antoine Bourdelle.

F. B. B.

LIBROS

AS FLORIÑAS DE SAN FRANCISCO, por el P. Samuel Eján O. F. M. Santiago, 1926.

SEMPRE que baixamos pol-as laxes da Costa Nova, ou cando chegamos ó remate da rua de San Francisco canalizada pol-as ríos das ollos axecantes do craro S. Martiño e do Hospital, afondado en melancónias, é donde deterse no campiño homildoso dos frades Menores. Adro labrego, verde de coba gososa, limpo granito da faciana da eirexa. É doce leer o letreiro da porta: «Colegio de Misións para Tierra Santa y Marruecos» e

demorarse a caron do sepulcro de Cotohay. San Francisco chegou guiado polo simbólico regueiro de estrelas hasta o raiolante Sant'Iago nos termos do Oucidente. No convento s'ergueron espranzadas as gabanzas corais do Probiño. Fai pouco, o R. P. Eijan publicou un fermoso feixe de poemas co título de *Frotinas de San Francisco. Remancero Sérifico-Galician*, que ficará coma lembranza do centenario do Serafin. Os principais episodios dos *Fioretti* gardan seu incomparabel prestixio, sempre novo, envoltas nos versos sinxelos, enxebrés, campesiños do P. Eiján. A irmancña auga, o año, o lobo, as vocacions do rico e do sabio, a Portocínula, o monte Alvernia, por soilo lembrar algúns, corren en versos cheos d'isa leidicia que soilo ten un nome: franciscana.

O P. Provincial dos Menores é merecente—inda que pese á sua homiléida—da gabanza dos bos galegos. No trafejo das mil ocupaçíos do cargo, e no silenco do vivir relixioso, sempre atopá unha fenda pra ollar pra Galiza—as suas cousas, os seus problemas, suas afeições—con devoción de fillo e sentimento d'artista.

R. O.

DISCURSO INAUGURAL de la Sección 5.^a del Congreso de Cádiz de la Asociación Española para el Progreso de las Ciencias, por EUGENIO MONTES.

VERSA iste discurso do noso distinto colaborador en col do *Conceito lóxico da Socioloxía*, xa que foi pra inaugural a sección de Cencias Sociás do Congreso, do que por certo foi Montes un dos orgaizadores.

Cun estilo novo e breve, cheo de metáforas audaces, atal como é raro atopar en traballois d'iste xénero, e polo tanto con expresión sintética, vai eisamifando en poucas verbas algúns dos conceitos históricos da Socioloxía—adentro da curta historia d'esta cencia, se prescindimos com'il fai dos precedentes—a partir d'Augusto Conete, seguindo pol'a escola francesa de Durkheim, polo discurso de Tönnies no primeiro Congreso alemán de Socioloxía, pra vir dar en Simmel e en Max Scheler, que representan pr'o autor os dous aspectos novos da cencia sociolóxica, embora o *conceito lóxico*, d'acordo coa nova lóxica fenómeno-lóxica, é nos partilarios de Max Scheler onde s'atopa. Cunto ó contido da Socioloxía, depois de desbortarmos a indeterminación d'uxeto dos comenzaños—posto que hoxe eisfíxese o cantonamento de cada cencia no seu oxuxo autónomo—ven resultar qu'iste mesmo cantonamento deixá a Socioloxía seu oxuxo propio, o qual precisamente vei enchela de contido.

O LIRISMO DE CAMÓES, conferencia no Liceo de Aveiro, por HERNAN CIADÉ (Separata de *A Agua*).

HA séculos que esta voz admirável encanta os ouvidos e a alma de todos nós e não cessa o sortilegio maravilhoso! di o autor con atinadas verbas expresivas da eternidade do xenio e da eternidade da arte.

Co-a mestranza sintética qu'a cadeira académica empresta, o Dr. Cidade analiza, no Camões lírico—tan grande cecais com o épico—o que hai n'il d'home do seu tempo, d'home do Renacemento (influencia do Petrarca, doutrina do amor platónico); d'home da sua razão (saudosismo, paixón amorsa); e da persoal (refreexo da sua intimidade e da sua tumultuosa vida); e logo fai algunas consideracións en col da forma.

O autor ten un conceito humanista (non no senso d'humanidades, senón d'humanidade) do Renacemento, o qual ten pra il un senso de liberación do espírito, que, naturalmente, non achá en Camões, que finca n'iste resultado, lonxe de Montaigne, d'Erasmo e de Rabelais.

ANTONIO NOBRE, conferencia de ALVARO DE LAS CASAS, en el Centro de Intercambio Germano-Español.

É un estudo sistemáticamente espoto toantes ó autor de Sô. Todo ven baixo rúbricas: *La literatura portuguesa en el siglo XIX. Oporto, cuna del poeta; Biografía de Nobre; Mi visión del pozo: Los libros de Nobre; Comentariastas de Antonio Nobre*, etcétera, que facilitan a leitura. Casas vé a Antonio Nobre com'un romántico, intimamente portugués, en quien encarna a tristura nacional. O millor da conferencia é sen dúbida o estudo da *Arte poética del «Sô»*, no que pasa revista a moitas das extraordinarias, imaxes metafóricas e comparanzas que fai Nobre, o xeito d'incurrar un poema n'outro con sonoridades de contracanto, as influencias de Heine e dos decadentes franceses do fin do século. Todo o qual ilustra con moitos exemplos, algúns deixados en portugués, outros vertidos ó castelán.

HACHAS DE BRONCE DE TALÓN, por ANGEL DEL CASTILLO (Separata do Boletín da R. A. Gallega), Crüña, 1927.

REPIRESE en primeiro termo ó achádego de Cumbras onde apareceron 7 machados de duplo anel, unha que desfixeron, e 5 das vainas describindo, falando logo d'outros de-

pósitos e achádegos soltos en Galiza de machados d'esta clás, e onde están. Logo apoiándose en Dechelette dividéas en tres tipos fundamentás, cronolóxicamente sucesivos: sen anel, de un anel e de dous, ademáis con Siret anteas estas coma mais modernas, as de sección poligonal; estuda a distribución xeográfica, e convén con Obermaier, Mendes Correa e outros en que estaba ben chamada a istes machados *tipo do Miño*, e pon tamén o seu orixe na Galiza e Portugal, cousa confirmada pola sua abundancia aquí, as que conservan as rebañas da fundición, o haber aquí o metal e o achádigo de moldes; anque propón se lle chame *tipo galálico-asturiano*. Quanto á cronoxolia, atense, visto que Galiza está dentro da gran provincia do ocidente europeu da cultura do bronce, ós períodos máis marcados por Dechelette, e pon a orixe dos machados de talón de duplo anel do tipo noso, no período III, anque perdurando en Galiza en lugar do cubo, e ponlle coma datas extremas de 1.300 a 800 a de X. C. Tocantes as xentes que criaron o tipo, limitábase a expor as opiniós de Siret (celtas), Schulten (figuras) e Bosch Gimpera (capienses) en col da poboaçao do leste peninsular nos derradeiros tempos do Bronce (anos 1.000 antees de X. C.) non atopando fortes razões pra poder resolver tan escuro problema.

UNA ESTACIÓN DE ARTE RUPESTRE EN LAS MARGENES DE LA RÍA DE AROUSA, por FERMÍN BOUZA BREY TRILLO (Separata das Actas y Memorias da S. Esp. de Antropología, Etnografía y Prehistoria, Madrid, 1927).

CONTÉN a descripción por miudo das insculturas rupestres da parroquia de San Xan de Camio, perto de Carril, nos lugares dos Ballotes e Meadeiro, comprendendo as do primeiro 14 composicións. D'elas as 1, 2, 3, 5, 7, 8 e 10 con estilizacions de bestas; as 4, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 13 e 14, con buraquínas e circos concéntricos; e as 3 e 7 con estilizacions humanas. As do Meadeiro son tres: a 1 con circos, buraquínas, líñas onduladas, signos pectiformes etc., destacando 3 ou 4 representacions d'idólos-picas, chamando a atención o autor sobre de que unha ten a testa hastiforme, o qual podia relacionado co cuto do machado; a 2 ten buraquínas e un dobre circu; e a 3 un circu e un besta estilizada. O autor clasificaa en 4 agrupacions:

- a) Bestas asquematizadas con lembranzas naturalistas,
- b) Figuras humanas estilizadas, pouco
- c) Representacions idóiformes,
- d) Combinacions de circos sinxelos e concéntricos con buraquínas incrusas.

Por fin recolle o folk-lore referente á *peña dos encantos*, que é a que ten as representacions idóiformes, e que presenta variantes da historia en qu'a dona encantada da a escoller antr'os ouxetos que ten na tenda, e das olas de ouro e prata e de veneno. As riscadelas da pedras interpretáetas a xente coma dicindo:

Ola de ouro, ola de prata,

Ola de veneno que mata.

Os coma siñas postas en tempo de guerra pra indicar o camiño ós ós outros.

REVISTAS

A NOSA TERRA, Santos, 1927.

SUMARIO: *Ao decorrel-los días.—Na lama dos orixes*, por Ramón Otero Pedrayo.—*O cañón de pau*, por Avelino Rodríguez Elías.—*En Ribadeo. Unha biblioteca circulante.—Espellos.—Mes de Santos*, por Víctor Casas.—*Follas novas: Estebo.—Un discurso de Basilio Alvarez.—Pencirando.—Dende d'América.*

BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, Novembre, 1927.

SUMARIO: *Dos interesantes hallazgos de carácter arqueológico uno y etnográfico otro*, por Federico Maciñeira.—*Puentedeume y su comarca*, por Antonio Couceiro Freijomil.—*Prehistoria gallega: Hachas de bronce de talón*, por Angel del Castillo.—*Noticias: Los descubrimientos de Sta. Eulalia de Bóveda*, por A. del Castillo.—*Obra recibida para la Biblioteca de la Academia.—Col. de Documentos históricos: De la Cofradía del Espíritu Santo de Miros, 1692.—Testamento del Arzobispo Andrade y Sotomayor*, 1652 y 1655.

O Sr. Maciñeira da notiza do achádigo d'un machado de pedra e mais d'un chiflo tamén de pedra pizarrosa, a qual parés que ainda hai pouco empregaban os rapaces en Cedeira e mais en Ortigueira, anque semella qu'istas eran de carabuñas de pexegos ou pavias.

O Sr. Castillo pubrica deseños da planta, un ladrillo e un conicelo da vella eirexa de Bóveda, e unha foto dos arranques das voutas.

1.º de Diciembre, 1927.

Sumario: *Un incunable compostelano*, por Armando Cotarelo.—*El Convento de Santo Domingo en Santiago en la Guerra de la Independencia*, por Fr. Aureliano Pardo.—*Apuntes sobre una fábrica de lienzos funda-*

da en Ribadeo por Carlos III, por F. Lanza.—*Las pinturas murales de San Martín de Mondóvedo*, por R. Salgado Toimil.—*Puente de Ume y su comarca*, por A. Couceiro Freijomil.—*Obras recibidas para la Biblioteca de la Academia*.

O Sr. Cotarelo da novas d'unha folla imprentada en Santiago por Gonzalo de la Passera (un dos impresores do Misal de Monterrey) contendo unha lista das reliquias da Eirexa Compostelán e das indulxencias que lle foron concedidas.

O Sr. Salgado Toimil fala das pinturas descubertas baixo do cal en S. Martiño de Mondóvedo, que son, ademais de varios motivos ornamentais e simbólicos, unha escena de pastores, outros dos desposorios de San Zaciarias e Santa Isabel, un mancebo levado dos pelos por un anxo, que o autor indica do século XVII; unha Sta. Bárbara do XVI, e varias escenas ó fresco (un convite, uns xinetes, outra escena indeterminada) qu'asegura foron atribuídas por varios profesores norteamericanos ó século XIII.

CÉLTIGA, Bós Aires, 25, 10, 1927.

ANTR'os orixinás: *Cántigas a un amor novo*, de Blanco Amor.—*Del amor y de la muerte*, por Julio Sigüenza.—*Paisaje si noble*, por Correa Calderón.—*Una punta de Europa*, por Vicente Risco.—*A neua encantada*, por Xosé M. Cabada Vázquez.—*Lembranzas*, por Xestus.

SEARA NOVA, 29 Setembro 1927.

SUMARIO: *Uma copejada de atum*, por M. Teixeira Gomes.—*A Finançá contra nação*, por C. R.—*A queda do M'Brije*, por Augusto Casimiro.—*A questão do turismo. Inconvenientes do turismo*, por Emílio Costa.—*A instrucción pública en Goa. Ensaio de um plano de reforma*, por Santana Rodrigues.—*Livros*, por Manuel Mendes.—*Um político patriota*. Páginas para serem medianadas, de Oliveira Martins. Capa de Migueis, Ilustrações de Nobre.

A AGUIA, Sumario do número 59
Julho a Setembro de 1927.

PROSA—O Teatro Público em Inglaterra na Época Isabelina—*Luis Cardén*; O Nativismo Romano—Agostinho da Silva; A língua clássica e a língua romântica—Hernani Cidade; A Ilha dos Amores sua situación geográfica—*Luis A. Rodríguez Lobo*; Simão Vaz de Camões no Porto—Artur do Magalhães Basto; O Visco dos Druidas—José Teixeira Rego; A Batalha de Golzelo—Santos Junior; Bailado—Manuel Meudes; Verso-

Caminho—Luís Guedes de Oliveira; Arte—Estudo—Joaquim Lopes.

O Sr. Teixeira Rego sostén una teoría estrevidá en col do *Visco dos Druidas*. Aségun il, o costume d'offerer no sacrificio o epiloón das vitimas viría da imitación do epiloón co *ectoplasma* atal coma se manifesta nas materializacions chamadas espirítistas, o que poden causar unha confusión d'entramos na mente dos primitivos, e por iso a ofrenda do epiloón serviría pra establecer a comunicación co outro mundo. Do mesmo xeito, empregabase o sangue, e o visco, que com' o sangue tiña a virtude d'abrir todalas portas, era, pol'a sua textura epiloónica, un substitutivo do sangue e do epiloón, ó qual axuda a imitar da verba *viscum* (visgo) coa verba *viscus*, singular de viscosa.

TAULA de Lletres valencianes
Valencia, núms. 1 e 2, Outubre
e Noviembre, 1927.

TEMOS recibido os dous primeiros números d'esta revista que se principiou a publicar en Valencia baixo a dirección do distinto literato Enric Navarro-Borrás.

Coma di no se i primeiro número, o seu intento é: «descobril-a recepta felis que sande ou menos alívio, esta indiferença que plasma o «tanto me ten» típico do noso carauta e que arrestora cando tod'o mundo rebule n-un desejo de superación, de reafirmanza racial e de refinamentos espirituais, e, mais que nunca, a nosa posse nefasta».

Habiéndose abandonado a intención que trai, pra que NÓS acollerla esta revista cos brazos abertos; mais non é somentes a intención, senón tamén os feitos os que son merecemento do maior acollimento. Tanta amostráronos un movemento literario en lingua valenciana, cheo d'intres e d'espranzas, que de boa gana díramos a conecer en xunto, e agarramos chegado a facer logo. Damos eiqui ó sumario:

N.º 1—*Salutació i convit*—F. Caballero, *Panorama del libro valenciano*.—Eduard L. Chavarri, *Impresions del camí*.—M. Thous Llorens, *El primer comentari al voltant de... Elena Arrediano*.—Carles Salvador, *Poemas*.—Ernest M. Ferrando, *El desig de la Superiora*.—Joan Valero, *El teatro en Valencia*.—E. Navarro-Borrás, *Poetas d'avanguardia*.—Mexié B. Ortíu Benedito, *Octubre evocador*.—Notes.

N.º 2—*Agraïment*.—Pasqual Asius, *El centenario de Frederic Mistral*.—E. Navarro Borrás, *Teatre d'avanguardia*.—Italia.—A Sendra Galiana, *Miracle del bouriner*.—F. Caballero i Muñoz, *Por*.—J. Verdaguera, *Poemes*.—E. Paula Ramírez, *Mal de d'ausesta*.

E. Durán Tortajada; *Glossari ciutadá*.—A. Martín e outros, *Humorisme valenciá*.—*Nòticari bibliografic*.—Notes. Iste número recolle de NÓS a nota en col da festa do libro en Barcelona.

BIBLOS, Coimbra, Agosto,
Sbro. e Óbrio. 1927.

SUMARIO: Amadeu Ferraz de Carvalho, *Da actual feição da antropónimia portuguesa*.—Dr. M. Gonçalves Cerejeira, *A noite de 10 séculos*.—Dr. J. da Providencia Costa, *O trovadillo em Canções e sua interpretação por G. Storck*.—Manuel Lopes de Almeida, *Trabalhos de alunos*.—Ernesto Donato, *«Os reservados» da Biblioteca da Universidade de Coimbra*.—Varia: «Biblos» no Brasil, *Visitas ilustres*, *Curso de Férias*.—*Revista de Revistas*.

O Sr. Ferraz de Carvalho propón un inquerito onomástico, e adianta curiosas consideracions en col dos nomes de persoas en Portugal. Primeiro fala da variación histórica dos nomes (xermánicos na outa Edade Media, misturados con algúns latinos d'orixe eclesiástica; despois os de Santos). Despois dos nomes d'agora: os mais nomes de Santos, escrusivos na aldeia e nas classes humildes; algúns clásicos (Apolo, Aristóteles) ou de grandes homens (Marat, Franklin) na burguesía republicana; algúns arcaicos (Aires, Brites) na nobreza; nomes das advocacions da Virxe (Maria do Carmo, Maria da Conceição) ou compostos (Maria Amelia, María Antonia). Logo dos apelidos pasando en revista os patronímicos; un d'orixe árabe: *Vegas ou Veneges (de Ben Egas)*; nome do paí; nomes de parentesco (Sobrinho, Neto); nomes de terras, cidades, accidentes xeográficos, de propiedade; nomes de devoción (João de Deus, Manuel dos Santos); de pro-

fesiós; de qualidades ou alcumes; de feitos históricos; e os estranxeiros, os quales van espertos pol-a orde da sua abundancia en Portugal, faguendo de camiño curiosas consideracions moi aproveitábeles pra calquera estudo d'esta clás antre nos.

NAÇÃO PORTUGUESA
Serie IV, n.^o 6.

SUMARIO: *A Expressão literaria*, por Alexandre de Albuquerque.—*A doutrina católica da resistência á opressão*, por Marcellino Caetano.—*Portugal y Felipe II*, por Juan Beneyto Pérez.—*Da necessidade de se reformar a Gramática e dos moldes em que uma tal reforma deveria ser basada*, por Rodrigo de Sá Nogueira.—*Angola e a expansão portuguesa*, por José Augusto Vaz Pinto.—*Das ideias, das almas e dos factos*.

Vese que non tarda o dia en que se chegue en certes seitoras, crar'está á glorificación de Felipe II en Portugal...!

N.^o 7 da mesma Serie.

Sumario: *O Brasil e o hispanismo*, por Antonio Sardinha.—*O municipalismo e a ditadura*, por F. B.—*Nacionalismo e catolicismo-Conceito da tradição*, por Manuel Murias.—*O estado de necessidade em direito penal-Doutrina, legislação jurisprudencia*, por Marcelo Caetano.—*O tumulto de uma infanta na charola da Sé*, por J. Mendes da Cunha Saraiva.—*Da essencia e dos limites do nacionalismo portugués*, por José Augusto Vaz Pinto.—*Das Ideias, das almas e dos factos*.—*Na Feira das Letras*.

En calquera lado, o medo ó pecado-Mau ras...!

Imp. NÓS, Real, 36-1.^o, A CRUÑA



Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Pida a NÓS

Real, 36-1°

A CRUÑA

Historia Sintética de Galicia
por Ramón Villar Ponte 5 pesetas.

Dibuxos en Linoleum
por Xaime Prada 2'50.

Estebo
novela por Xosé Lesta Meis 3'50.

A Rosa de Cen Follas
poesías por Cabanillas 2'50.

Margarida a da sorrisa
d'aurora 0'50.

conto por Evaristo Correa Calderón 0'50.

A tola de Sobrán
comedia n'un acto por F. Porto Rey 0'80.

AXIÑA APARECERÁN

Pelerinaxes

por Ramón Otero Pedrayo.

Obras teatraes

por Antón Villar Ponte, Xavier Prado (Lameiro), López Abente, Suárez Picallo e outros.

A escadeira de Xacob

novela por Eduardo Blanco Amor.

O Mariscal

2.^a edición, por Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte.

FOTOGRABADO

Si ten intrés en que os seus fotograbados sexan os mais perfeitos posíbres, convenlle envialos aos

Talleres de fotograbado
ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547

MADRID

Este nome xa é por si unha garantía, pois son os talleres mais modernos e orgaños para realizar na sua maísimha perfección toda crás de fotograbados en cinc, cobre, tricomias, cuatromias, etc... O seu servizo é extra-rápido.

As suas obras son perfeitísimas.

Subscríbese a

“A NOSA TERRA”

Idearium das Irmandades da Fala
e á

NÓS

Boletín mensual da Cultura Galega

SANATORIO QUIRURGICO

DIRETORES.

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirurgia geral

Especialista na góxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicíos precisas.—Prauticasen toda crás d'operacíos.—Dotado de todolos adiantos que pide a austral Cirugía.—Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltagem de 250.000 voltios.—Aparelho de Diatermia pra tratamento de Aue-
xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulusis, ra-
quitismo, alopecia, eczemas, etcétera.
Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibade en
casos d'urxencia.—Poden colaboraren todolos compañeiroes,
previo consentimento dos diretores.

BODEGAS GAL EGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Branco BRILLANTE

LOS GALLEGOES blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Próximo, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura quós de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille-OURENSE

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



A hixiene nos nenos
é a garantía da sua saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás suas altas calidades
meicinás xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-
enrollo das criaturas e evita-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
DASTILLA



HENRY

O Xabón da Toxa
ademas de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS de PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20
das estacións de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecoimento está aberto do 1.^º de Mayo a 31 de Outubro